

Informe da
situación da **mocidade** no mercado
de traballo galego

Informe da
situación da **mocidade** no mercado
de traballo galego

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego Das Cualificacións

Coordinación:

Marisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Equipo Técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Sergio Cantalejo Díez
Rosa Mª Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
Mª del Mar Martínez Besada
Mª Esther Sánchez González
Mª Belén Yáñez Barge

Equipo auxiliar:

Mª Jesús Iglesias Ferreiro

Dep. Legal: C 1890-2007

Maquetación e Impresión:

Plana Artes Gráficas, S.L.

Índice

Introdución	5
A poboación xuvenil no mercado de traballo estatal comunitario e galego	6
Caracterización demográfica	8
Actividade, ocupación e paro xuvenil segundo a Enquisa de Poboación Activa	9
Paro rexistrado polo servizo público de emprego	12
Contratación xuvenil	18
Inserción de mozos universitarios	24
Inserción de mozos alumnos de formación ocupacional	25
Salarios	28
Sinistralidade laboral	37
Fontes bibliográficas e estatísticas	40



A pesar da melloría nas taxas de desemprego, a xuventude segue a sufrir taxas de paro de máis do dobre da taxa xeral, e boa parte da mocidade que accede ao mercado de traballo faino en condicións precarias. Como sinala o *Programa Nacional de Reformas* do ano 2005, a expresión máis representativa desta precariedade na contratación maniféstase na temporalidade, que se concentra, sobre todo, nas actividades estacionais (fundamentalmente turismo) e na construción. A taxa de temporalidade é máis elevada entre as mulleres e a xente nova, e entre os traballadores/as pouco cualificados. Non só resulta negativa para quen a padece, senón que tamén é negativa para a economía no seu conxunto. Ademais, a ampla incidencia de contratos temporais xera unha excesiva rotación laboral.

Xunto á redución da temporalidade e da elevada taxa de desemprego xuvenil, é preciso aumentar os niveis de ocupación, así como abordar a elevada sinistralidade laboral, o paro de longa duración ou a escaseza de contratos indefinidos a tempo parcial que permitan compaxinar estudos e traballo. Así mesmo, para incentivar a participación dos máis novos no mercado laboral, non se pode esquecer o estímulo que supón o feito de propiciar todo o relacionado coa orientación laboral e empresarial desde unha proposta que mellore a formación e reciclaxe para xente nova traballadora e desempregada.

Porén, malia a problemática que presentan as novas xeracións na súa relación co mundo laboral, cabe agardar, en certos aspectos, unha perspectiva de inserción laboral mellor que a prevista para outros grupos poboacionais: as demandas do mercado laboral implican un coñecemento técnico, tecnolóxico e científico cada vez maior, fronte ao que o colectivo xuvenil conta con maiores vantaxes en relación coas xeracións anteriores, tales como a mellor predispoñibilidade e manexo das novas tecnoloxías, a capacidade de adaptación a novos contornos e circunstancias ou o tempo efectivo de rendemento laboral.

Concretamente, neste informe queremos poñer de manifesto os principais trazos que caracterizan a situación laboral da mocidade en Galicia. Para iso, facemos un repaso da evolución experimentada nos últimos anos a través dos indicadores máis representativos do mercado de traballo: actividade, emprego, desemprego e contratación, así como a incidencia da inserción de alumnos universitarios e de formación ocupacional. Tamén analizaremos as principais magnitudes salariais do colectivo xuvenil e ocuparémonos da problemática da sinistralidade laboral na mocidade galega.

Esta análise baséase en distintas fontes de información estatística como a recollida de datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), que é un importante instrumento para medir as variables fundamentais que configuran o mercado de traballo en Galicia. Así mesmo, utilizouse información estatística subministrada polo Servizo Público de Emprego estatal (antigo INEM) e polas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e tamén, aínda que puntualmente, acudimos a outras fontes, como a Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT), para matizar e completar determinados aspectos. Con estas fontes como principais referentes, revisamos os datos do ano 2006 e a evolución experimentada respecto a anos anteriores, tendo en conta que para algúns indicadores non dispoñemos de información tan actualizada.

A poboación xuvenil no mercado de traballo estatal comunitario e galego

A poboación xuvenil ocupa no mercado laboral unha posición relativamente desfavorable en comparación coa dos adultos. Así sucede en Galicia, no conxunto do Estado e tamén na Unión Europea.

Os datos que ilustran as distintas variables están referidos a 2003, por seren os últimos dispoñibles para o colectivo de menores de 25 anos. Ao ser esta a data de referencia, recóllese a situación da UE a 15 membros, anterior ás ampliacións que tiveron lugar en 2004 e 2007.

COMPARATIVA UE - ESPAÑA 2003	EU-15	España
Taxa de actividade	70	67,1
Homes	78,4	79,5
Mulleres	61,5	54,5
Taxa de actividade <25 anos	47,3	43,2
Homes	50,8	48,2
Mulleres	43,7	38,1
Taxa de ocupación	64,4	59,6
Homes	72,7	73,1
Mulleres	56,1	45,9
Taxa de ocupación <25 anos	39,7	33,2
Homes	42,5	38,5
Mulleres	36,8	27,7
Taxa de paro	8,1	11,2
Homes	7,5	8
Mulleres	8,9	15,9
Taxa de paro <25 anos	15,5	22,3
Homes	15,5	19
Mulleres	15,4	26,6

Fonte: Eurostat para unha poboación de 15 a 64 anos

A participación da mocidade europea no mercado de traballo é relativamente reducida: só o 47,3% da poboación con idades comprendidas entre os 15 e os 24 anos traballa ou busca emprego. Esta taxa de actividade xuvenil é inferior en 23 puntos á da poboación en xeral.

En España, a proporción de mozos activos é aínda máis baixa que no contexto comunitario: só o 43,2% dos menores de 25 anos traballaba ou busca emprego. As distancias coa taxa de actividade media tamén son máis amplas que na UE (24 puntos).

O 15,5% dos mozos europeos busca emprego sen atopalo. Este índice de paro xuvenil é tamén claramente superior ao do colectivo adulto, dado que a taxa media de desemprego xeral se sitúa na UE en torno ao 8,1%.


En España, o problema do paro xuvenil é aínda máis grave: a taxa de paro dos menores de 25 anos acada o 22,3%, sete puntos por riba da media europea. Pero ademais, as diferenzas entre a taxa xuvenil e a do conxunto da poboación son máis amplas que a nivel europeo, cifrándose en máis de once puntos porcentuais.

En relación co emprego, o 39,7% dos mozos europeos traballa. Esta taxa de ocupación xuvenil está por debaixo da taxa media xeral, da que dista case 25 puntos.

Unha vez máis, en España a inserción laboral da mocidade é inferior: só un 33,2% traballa. Esta taxa de ocupación xuvenil, ademais de estar por debaixo da europea, é inferior en 26 puntos á taxa de emprego xeral (sen distinguir por idades).

En definitiva, a situación sociolaboral dos mozos caracterízase por unha reducida participación no mercado de traballo, como demostran as baixas taxas de actividade e ocupación, e unha importante precariedade, como se desprende dos elevados índices de paro e de temporalidade no emprego. Trátase de trazos compartidos no eido europeo, pero que en España se revelan con especial intensidade.

Comparativa España-UE(25). Ano 2005. Poboación de 15 a 24 anos



Fonte: Eurostat para unha poboación de 15 a 64 anos

Eurostat ofrece datos actualizados ata o ano 2005 tomando como referencia a Unión Europea de 25 países. Deste xeito, coa inclusión de dez novos membros da Europa do Leste que presentan uns indicadores sociolaborais por debaixo da media comunitaria, a situación xeral dos marcadores da economía española resultan máis positivos. Non debemos esquecer que esta mellor cara da realidade sociolaboral da xuventude española na súa comparativa coa Unión Europea vén en boa parte determinada polo efecto estatístico que supuxo a ampliación a estes novos países.

E é que as diferenzas con Europa en canto a actividade laboral, paro e ocupación presentan uns rexistros favorables para o colectivo dos mozos españois, mentres que as mulleres son o colectivo máis afectado, dado que ocupan unha posición claramente desfavorable no seu balance comunitario. Os trazos que caracterizan a situación da xuventude no mercado laboral español, en relación coa situación a escala europea, son os seguintes:

- En termos de actividade, a participación xuvenil no mercado de traballo estatal está por encima da observada na Unión Europea (a taxa de actividade española é superior en 8 puntos). Aínda que as diferenzas entre a participación de homes e mulleres son maiores no noso país (máis dun 9% de diferenza, fronte ao diferencial do 7% na UE).
- O desemprego xuvenil afecta en maior medida ás mulleres españolas (23,5%) que ás comunitarias, de xeito que temos unha das seis taxas de paro feminino (menores de 25) máis elevadas do conxunto de países membros, superior en 5 puntos á media da UE. No caso que nos ocupa de mozas menores de 25, faise aínda máis evidente

a discriminación entre sexos (7 puntos de distancia entre homes e mulleres españolas menores de 25 anos, cando apenas se rexistran diferenzas no ámbito europeo).


Pola contra, a poboación xuvenil masculina presenta unha taxa de paro inferior en máis dun punto á media comunitaria.

- En canto á ocupación, a taxa de emprego da poboación menor de 25 anos está 1,5 puntos por riba da media da UE, debido ao diferencial positivo que rexistra este colectivo, mentres que a taxa de emprego feminino non acada a media europea, aínda que se achega, de xeito que queda a só un punto dela.

De calquera xeito, a situación dos mozos no mercado laboral é claramente desfavorable con relación aos adultos, tanto na Unión Europea e en España. En Galicia, as dificultades do colectivo xuvenil para acceder a un emprego e conservalo son aínda maiores.

A participación na actividade e o emprego da xuventude é moi inferior á que lles correspondería segundo o seu peso poboacional, mentres que a súa presenza no colectivo de desempregados e inactivos é moi superior a este.

16 a 24 anos IV trimestre 2006



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

En termos máis concretos, podemos falar de que en Galicia no ano 2006, de cada 100 mozos menores de 25 anos con idade legal para traballar, 35 teñen un emprego, 7 están parados e os restantes 58 non traballan nin buscan emprego activamente (son, na súa gran maioría, estudantes). As diferenzas coa situación da xuventude no conxunto do Estado son evidentes se temos en conta que neste contexto son 43 de cada 100 os mozos que traballan, outros 9 están desempregados e 48 non teñen emprego nin o buscan de forma activa.

Caracterización demográfica


As oportunidades para que os mozos se insiran no mercado laboral depende de varios factores. Factores económicos tales como os niveis da oferta empresarial ou a intensidade e o crecemento do emprego, factores políticos como a asunción de medidas que favorezan o emprego na nosa Comunidade, ou educativos no compromiso de crear un contorno de calidade na educación e na formación profesional. Xunto a estes e outros factores condicionantes do acceso á vida laboral, tamén hai que ter en conta a incidencia que teñen no emprego xuvenil as tendencias demográficas.

O trazo demográfico máis característico da poboación galega é o seu alto grao de envellecemento: a elevación da esperanza de vida e a caída da natalidade está ensanchando a pirámide de poboación na súa parte superior e reducindo a súa base. Dentro deste proceso explícase a perda de peso relativo do grupo de idade correspondente á xuventude.

Segundo os datos do Padrón referidos a 1 de xaneiro de 2006, a poboación nova, considerando como tal os que contan con idades comprendidas entre os 15 e os 29 anos, ascendía en Galicia a 523.952 persoas, cifra que representa o 19% do total da poboación residente en Galicia nesa data. As baixas taxas de natalidade rexistradas nos últimos tempos en Galicia fan que o peso do colectivo xuvenil sobre a poboación total sexa inferior en 1,3 puntos ao correspondente ao conxunto do Estado (20,3%).


Nas súas últimas proxeccións de poboación, o INE presenta un panorama preocupante para Galicia, pois calcula que no ano 2017 a cifra de mozos entre os 15 e os 29 anos residentes na Comunidade se reducirá considerablemente (en torno ás 330.177-390.637 persoas), descendendo a súa participación sobre o total da poboación ata situarse arredor do 13%. A redución do peso demográfico da mocidade galega, que continuará polo tanto nos próximos anos, contrasta coa necesidade de que sexa unha forza produtiva, debido ao incremento da poboación pasiva da terceira idade.

A propia configuración demográfica da mocidade condiciona as variables do mercado laboral. Estase a producir un cambio moi notable na estrutura por idades da poboación activa xuvenil porque está a aumentar de modo importante o peso dos mozos de máis idade: entre 25 e 29, e diminuíndo o dos mozos de menos de 20 anos: os primeiros eran o 31% do total dos mozos en 1991 e son o 41% a finais de 2005; os segundos representaban o 69% e reducíronse ao 59% entre esas mesmas datas. Este é un fenómeno de gran relevancia porque cambia notablemente o perfil da poboación xuvenil no mercado de traballo.



Actividade, ocupación e paro xuvenil segundo a Enquisa de Poboación Activa


No derradeiro trimestre de 2006 os mozos de 16 a 24 anos representan o 11,4% da poboación en idade de traballar (é dicir, de 16 e máis anos) e o 8,9% da poboación activa. Os primeiros pasaron de ser 281.700 en 2005 a 269.900 en 2006, logo dun descenso progresivo nos últimos anos, e a poboación activa xuvenil pasou de 124.600 en 2005 a 112.700 no último trimestre de 2006.



Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA


O primeiro aspecto sobre o que convén chamar a atención é que no último quinquenio se reduciu a poboación xuvenil (que desde os 16 anos é toda ela potencialmente activa). O descenso da poboación xuvenil en idade de traballar nun 16% neste período é consecuencia dos cambios demográficos (basicamente a redución da natalidade) que tiveron lugar desde mediados dos anos setenta e que supuxeron unha notable redución dos grupos de menor idade porque, desde os primeiros anos noventa, comezan a cumprir 16 anos os nados naqueles anos, que son menos que os anteriores (situación que pode variar dentro de poucos anos coa posible incorporación de novos inmigrantes).

Taxas de actividade



Este condicionamento demográfico trae consigo a redución da poboación activa xuvenil, é dicir, a que se incorporou efectivamente ao mercado de traballo. Esta redución reflíctese no forte descenso das taxas de actividade detectado nos mozos de entre 16 e 24 anos, que en conxunto pasaron do 44,2% en 2005 ao 41,8% en 2006.

Ocupados



O terceiro aspecto deste panorama xeral dos mozos no mercado de traballo en 2006 (en comparación co 2005) é o descenso de peso no conxunto do emprego, ao baixar o volume de mozos ocupados que pasaron de 101.900 en 2005, a 93.700, mentres que o seu peso sobre o total da poboación ocupada descendeu do 8,9% ao 8%.

De todos os xeitos, xunto a estes condicionamentos, a explicación da escasa participación da xuventude galega no mercado laboral ten moito que ver co alto índice de paro xuvenil que existe na nosa Comunidade. A insuficiente oferta de emprego fai que os mozos prolonguen os seus estudos como vía para evitar o probable desemprego e tamén de cara a adquirir un nivel de formación máis elevado que aumente as súas probabilidades de éxito na busca de traballo.

Se nos centramos nos datos estatísticos, observamos que diminuíu o número de mozos parados desde os 22.700 en 2005 ata os 19.700 en 2006, e descendeu tamén o peso que os parados menores de 25 teñen no conxunto dos parados, que pasaron do 19,9% en 2005 ao 18,6%. Pero convén poñer de manifesto que o paro segue concentrándose en gran medida entre os menores de 25, xa que só supoñen o 9% dos activos, pero concentran case o 19% deste fenómeno.

Taxas de actividade por distintos grupos de idade e sexo								
	Total		Menores de 25 anos		De 16 a 19 anos		De 20 a 24 anos	
Galicia	2005TIV	2006TIV	2005TIV	2006TIV	2005TIV	2006TIV	2005TIV	2006TIV
Ambos os sexos	52,84	53,6	44,24	41,77	16,16	16,81	61,49	57,35
Homes	61,58	62,05	47,86	49,33	17,26	24,64	66,72	64,79
Mulleres	44,86	45,88	40,48	33,93	15,01	8,64	56,07	49,64

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

Como estamos a comprobar, estes comportamentos das principais magnitudes da poboación xuvenil no mercado de traballo amosan diferenzas entre os sexos. Os homes activos de menos de 25 anos en 2006 son 67.800 e as mulleres 44.900. É dicir, estas supoñen o 40% da poboación xuvenil incorporada ao mercado laboral, o que significa un 5% menos que no ano anterior. Hai que sinalar, polo tanto, algúns trazos diferenciais entre mulleres e homes cando se analiza o peso dos mozos no mercado de traballo.

O notable descenso de taxas de actividade das mulleres menores de 25 anos en case un 7% condiciona o resultado global que rexistra a poboación xuvenil. Os homes incrementan a súa participación na vida activa nun 1,5% con respecto a 2005, aínda que esta subida se debe exclusivamente ao aumento dos activos menores de 20 anos.

Se seguimos a incidir na perspectiva do xénero, hai pautas específicas nos diferentes grupos de menor idade que convén poñer de manifesto porque apuntan fenómenos de interese. Entre os homes prodúcese un aumento nas taxas de actividade dos mozos de 16 a 19 anos. Este incremento pode estar rompendo unha tendencia que se veu producindo nos últimos anos de redución desta taxa pola progresiva escolarización dos menores de 20 anos. No ano 2006 conségtase un incremento da taxa de actividade dos homes deste grupo de idade que comezan a incorporarse a unha idade máis temperá ao mercado laboral, aínda que haberá que agardar á evolución dos próximos anos para verificar axeitadamente este cambio de tendencia.

O proceso contrario prodúcese entre as mulleres de 16 a 19 anos (neste caso cun descenso nas taxas de actividade que caeron case un 50%) e respondendo á mesma lóxica: entre as mulleres prodúcese un descenso das taxas de actividade no grupo de 16 a 19 que pode deberse a un incremento da escolarización das mulleres máis novas. Esta

mellora da escolaridade das menores de 20 anos permite aventurar unha maior e mellor incorporación destas ao mercado laboral no futuro inmediato dada a relación positiva entre a poboación de maior nivel educativo e a maior e mellor incorporación ao mercado de traballo. Neste senso, pode ser preocupante a situación dos homes máis novos, que están a emerxer no mercado laboral, nunha idade onde a formación representa un papel determinante.


Paro rexistrado polo Servizo Público de Emprego

Parados por sexo e idade						
	2005	2005	2005	2006	2006	2006
	Muller	Home	Total	Muller	Home	Total
16 a 19	2.016	2.443	4.459	1.844	2.206	4.050
20 a 24	9.657	7.722	17.379	7.566	5.889	13.455
25 a 29	16.860	10.402	27.262	13.748	8.312	22.060
16 a 29	28.533	20.567	49.100	23.158	16.407	39.565
TOTAL	109.521	69.155	178.676	100.421	60.245	160.666


Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

No ano 2006 rexistráronse nas oficinas de emprego da nosa Comunidade un total de 39.565 demandas de emprego de demandantes parados de entre 16 e 29 anos, que representan o 24,6% do total de paro rexistrado. Isto supón un descenso de case 10.000 parados menores de 30 anos con respecto ao ano 2005.

% Paro menores de trinta sobre o total



% Paro menores de trinta sobre o total



En canto a isto, e tendo en conta tamén a evolución anterior ao 2005 (hai que ter en conta que os datos de 2005 non poden compararse cos de anos anteriores debido ao cambio metodolóxico operado na medición do paro), observamos que a tendencia dos últimos anos sinala unha diminución progresiva da porcentaxe de poboación xuvenil demandante de emprego parada da nosa Comunidade. Porén, hai que sinalar que este dato non ten por que gardar necesariamente relación directa cun aumento do volume de emprego xuvenil, senón que tamén pode ser debido a factores como, por exemplo, un descenso da poboación activa xuvenil.

De feito, a evolución observada nos últimos anos confirma esta hipótese de perda de peso de actividade dos máis novos no conxunto da poboación activa galega, é dicir, a mocidade galega incorpórase en menor medida ao mercado de traballo: ben pola prolongación do período de estudos, polas escasa oportunidades que se lle ofrece ou polo emprego precario, ou ben porque demograficamente hai menos mozos é, en consecuencia, o seu peso é menor.

Poboación xuvenil		2002	2003	2004	2005	2006
HOMES	15-19	80.874	76.886	73.177	70.352	67.868
MULLERES	15-19	77.411	73.860	70.035	67.321	64.862
HOMES	20-24	106.577	102.658	97.183	92.750	87.459
MULLERES	20-24	103.168	99.327	93.863	89.474	84.299
HOMES	25-29	110.163	112.129	112.851	112.341	110.369
MULLERES	25-29	108.985	110.257	111.207	111.345	109.095
HOMES	15-29	297.614	291.673	283.211	275.443	265.696
MULLERES	15-29	289.564	283.444	275.105	268.140	258.256
TOTAL	15-29	587.178	575.117	558.316	543.583	523.952

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA

Efectivamente, podemos confirmar un descenso continuado de poboación xuvenil protagonizado polos homes e mulleres máis novos, mentres que a poboación de entre 25 e 29 anos amosa unha evolución máis estable.

O descenso da poboación xuvenil en idade de traballar neste período é consecuencia dos cambios demográficos (basicamente a redución da natalidade) que tiveron lugar desde mediados dos anos setenta e que supuxeron unha notable redución dos grupos de menor idade.

A transformación do emprego xuvenil nestes anos foi moi importante. Fundamentalmente, pola recomposición por idades e o crecente peso dos mozos de máis idade e a diminución dos de 15 a 24 anos.

Á parte destes factores que inciden na diminución do paro xuvenil dun xeito puramente estatístico e sen relevancia a nivel produtivo, o descenso do desemprego entre os mozos tamén pode ser debido a un aumento real no volume de emprego para este colectivo.

Neste sentido, se observamos a evolución das altas de afiliación rexistradas na Seguridade Social, constatamos un incremento efectivo destas. O comportamento xeral deste colectivo amosa un marcado cariz de diferenciación segundo a idade e o xénero. O segmento de xente nova de entre 25 e 29 anos acapara fundamentalmente o aumento de afiliacións.

Traballadores afiliados por sexo e idade						
2005 II trimestre				2006 II trimestre		
Galicia	muller	home	total	muller	home	total
16-19	3.584	9.775	13.359	3.861	9.790	13.651
20-24	30.023	43.864	73.887	30.551	42.393	72.944
25-29	61.884	74.797	136.681	63.642	74.897	138.539
16-29	95.491	128.436	223.927	98.054	127.080	225.134


Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA

O colectivo masculino, malia a evolución positiva rexistrada neste tramo de idade, presenta en cómputo xeral un incremento tan só de 100 novos afiliados con respecto ao ano 2005. As mulleres son, polo tanto, as responsables do aumento do emprego xuvenil na nosa Comunidade no ano 2005. Fundamentalmente as mozas de entre 25 a 29 anos, dado que as menores de 25 rexistran un aumento menor, son as responsables deste incremento. Pero este dato non nos pode facer esquecer a realidade do emprego feminino. Se tiveramos que ilustrar dun xeito paradigmático unha categorización do desempregado galego en xeral, o perfil tipo axustaríase ao seguinte canon:

DESCRICIÓN	PERFIL TIPO
Sexo	Muller
Grupo de idade	25 a 29
Nivel académico	Ata Certificado de Escolaridade

En resumo, podemos sacar en conclusión que a diminución do paro xuvenil, responde tanto á mellora da situación xeral do emprego, constatada no incremento de afiliacións da mocidade galega –concretamente as mulleres– á Seguridade Social, como ao efecto estatístico que supón a redución do volume da poboación de menor idade no mercado de traballo. E sen esquecer que detrás desta tesitura actual latexa o mantemento dunha taxa de paro xuvenil moi superior á dos adultos e as conseguintes dificultades de inserción na vida activa.

En canto á evolución mensual de parados para Galicia en 2006, pódese observar a seguinte gráfica.




Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia

Se nos centramos na evolución mensual do paro en 2006, observamos que a tendencia no caso das mozas e mozos menores de 25 é a manterse estable nos altos valores do primeiro trimestre do ano. No mes de abril as taxas de desemprego comezan a experimentar un descenso progresivo que se incrementa, como era de prever, no período

estival, concretamente en xuño, xullo e agosto. Unha vez rematada a tempada turística, o desemprego increméntase, aínda que sen repuntar ata as altas taxas de principios de ano.

En liñas xerais, o comportamento do colectivo masculino concorda coa evolución do desemprego feminino dun xeito bastante simétrico, o que demostra que a estacionalidade é un factor que afecta indistintamente aos dous sexos.



Fonte: Oficinas de emprego da Xunta de Galicia

Outra cuestión que cómpre ter en conta é a diferente intensidade na evolución do paro segundo a idade. Así, o desemprego do colectivo de maiores de 25 anos presenta unha menor influencia da estacionalidade. Como podemos observar, o seu comportamento presenta unha evolución mensual moito máis lineal.

Podemos concluír que as variacións estacionais en 2006 afectaron máis ao desemprego xuvenil que ao de máis idade. Polo tanto, para este último ano entendemos que os mozos se beneficiaron en maior medida que os adultos dos contratos temporais xerados no sector servizos durante os meses de verán, como sucedía en 2005.

Segundo os datos facilitados polos servizos públicos de emprego de Galicia, e respecto ao paro, destaca no ano 2006 a redución do paro xuvenil en todos os sectores de actividade económica. Tamén no colectivo de demandantes de primeiro emprego descendeu o paro en 1.648 desempregados. Este fenómeno podería ser indicativo da demanda de traballadores sen experiencia para certo tipo de contratos, e tamén quizais poida deberse ao efecto dos plans de emprego como creadores dunha primeira oportunidade de traballo para os desempregados máis novos.


2006	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	16 a 29	2005	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	16 a 29
SECTOR PRIMARIO	40	267	450	757	SECTOR PRIMARIO	54	307	593	954
SECTOR SECUNDARIO	169	1.329	2.756	4.254	SECTOR SECUNDARIO	210	1.957	3.549	5.716
SECTOR CONSTRUCCIÓN	205	1.265	1.831	3.301	SECTOR CONSTRUCCIÓN	298	1.623	2.414	4.335
SECTOR SERVIZOS	803	6.654	13.989	21.446	SECTOR SERVIZOS	984	8.737	16.919	26.640
Comercio e hostalaría	392	2.922	5.686	9.000	Comercio e hostalaría	493	3.866	6.668	11.027
Transporte e comunicacións	27	223	545	795	Transporte e comunicacións	36	343	711	1.090
Outros servizos	384	3.509	7.758	11.651	Outros servizos	455	4.528	9.540	14.523
SEN EMPREGO ANTERIOR	2.833	3.940	3.034	9.807	SEN EMPREGO ANTERIOR	2.913	4.755	3.787	11.455

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Se nos referimos aos sectores produtivos, no sector primario prodúcese, para as datas indicadas, un descenso de 197 desempregados. Trátase dunha pequena diminución nun sector que non xera novo emprego, senón máis ben ao contrario, ve reducir as súas cifras de ocupación e poboación activa.

Así mesmo, tamén se observa un descenso do paro xuvenil no sector secundario en 1.462 efectivos menos que en 2005. En canto á construción, a presenza xuvenil é algo menor que na industria, e o descenso do desemprego tamén é lixeiramente menor: 1.034 foi a cifra en que descendeu o número de mozos desempregados.

Paro rexistrado segundo sectores de actividade económica. Galicia 2006



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. Elaboración propia


Mención especial merece o sector servizos, por ser o sector onde se concentra moi intensamente tanto o desemprego xuvenil como a ocupación. No ano 2006 produciuse unha diminución de 5.194 desempregados con

respecto ao ano anterior. Este dato supón un fito importante, dado que é no sector servizos onde se emprega case a metade da poboación xuvenil traballadora.


Se nos fixamos agora no paro rexistrado segundo as ocupacións demandadas, a maior parte dos mozos galegos desempregados están encadrados na epígrafe de *dependentes de comercio*. O segundo grupo máis numeroso é o de *administrativos*, e séguelle o de *camareiros, peóns da industria manufactureira e repoñedor de hipermercado*. Estas cinco ocupacións de maior nivel de desemprego tamén o foron no ano 2005, ocupando as mesmas posicións.

Estas cifras son indicativas do baixo nivel de cualificación das ocupacións en que se insiren fundamentalmente os mozos galegos.

Parados por tempo de busca de emprego e idade. 2006




Parados <30 por tempo de busca de emprego. 2006



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. Elaboración propia

Por duración da demanda, podemos afirmar que o paro de curta duración en Galicia é maioritariamente xuvenil. Se consideramos como tal o que se prolonga durante menos de seis meses, case o 70% dos demandantes de emprego de menos de 30 anos da nosa Comunidade están nesta situación, bastante máis do que ocorre cos maiores de 30, nos que é superior á porcentaxe de parados de longa duración. Resulta evidente que a idade do demandante de emprego condiciona en boa medida este feito. O paro de longa duración ten máis incidencia nos parados de máis idade, incluso dentro do grupo de menores de 30. Os homes e mulleres máis novos atopan maioritariamente traballo nun período de tempo inferior ao ano. Este período vaise prolongando a medida que a idade avanza.

Parados <25 por nivel académico



Fonte: Servizo Público de Emprego Estatal. Elaboración propia

En canto ao nivel de estudos dos desempregados galegos, podemos dicir, á vista dos datos, que a maior cantidade de parados aparece entre os que teñen a titulación máis básica, mentres que a medida que se avanza no grao académico o paro diminúe.

Os mozos parados con Certificado de Escolaridade e Ensino Obrigatorio vense abocados a un mercado que lles ofrece unha escasa saída laboral e unha máis que probable precariedade no emprego e as condicións laborais. Esta acumulación de mozos escasamente preparados fai que compitan por postos de menor cualificación, creando unha sobredemanda para estes que favorece que os empresarios se decanten polos máis preparados ao mesmo tempo que diminúen os niveis salariais.

Contratos

O panorama da contratación xuvenil hai que enmarcalo no actual contexto de altas taxas de desemprego; neste senso, a temporalidade contractual introduce incerteza e desánimo entre os traballadores máis novos e repercute negativamente sobre as súas posibilidades de emancipación

Galicia	Contratos	2002	2003	2004	2005	2006
HOME	16 a 19	31.040	30.342	28.735	29.427	31.777
	20 a 24	93.638	93.150	92.644	90.412	93.111
	25 a 29	85.306	86.862	93.252	98.451	104.422
	<30	209.984	210.354	214.631	218.290	229.310
	>30	189.274	195.745	198.233	209.509	229.450
MULLER	16 a 19	16.268	17.246	16.942	14.425	16.771
	20 a 24	77.863	82.383	83.156	79.070	82.447
	25 a 29	80.814	86.686	91.368	94.551	100.757
	<30	174.945	186.315	191.466	188.046	199.975
	>30	134.815	151.258	161.693	175.383	198.859
Total	<30	384.929	396.669	406.097	406.336	429.285
Total	>30	324.089	347.003	359.926	384.892	428.309
Total xeral		709.018	743.672	766.023	791.228	857.594

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

Se analizamos a evolución dos últimos anos, obsérvase un progresivo incremento nas cifras de contratación xeral; concretamente, este último ano rexistráronse na Comunidade Autónoma 66.366 contratos máis que en 2005 (un incremento relativo maior que en anos anteriores. A desagregación dos datos por idade desvela un maior aumento dos contratos formalizados con adultos (43.417 máis que no ano anterior), mentres que entre os dirixidos aos mozos se observa un incremento menor (22.949 contratos máis). Os contratos a menores de 30 representaron a metade do total da contratación.

Evidentemente, a maior presenza do colectivo xuvenil nas cifras de contratación pode ser indicativa dunha maior participación no emprego, pero tamén pode ser o resultado dunha forte rotación. Polo que resulta de interese coñecer o grado de estabilidade destes contratos.

A temporalidade domina o panorama da contratación laboral, e aínda que na actualidade afecta a traballadores de todas as idades, recae con especial crueza entre os máis novos. A poboación xuvenil sofre unha alta temporalidade na súas contratacións e, relacionado con esta situación, uns niveis moi elevados de rotación no emprego.

De acordo cos datos proporcionados polos servizos públicos de emprego de Galicia, o pasado ano 2006 formalizáronse na Comunidade 429.285 contratos con menores de 30 anos. Deles, 361.320 tiveron carácter temporal, co que a taxa de temporalidade das contratacións ao colectivo xuvenil excede o 84%.

Tamén podemos tratar de aproximar a rotación laboral a través da seguinte comparación: de acordo cos datos de afiliación á Seguridade Social do ano 2006, os menores de 30 anos eran o 24,6% dos traballadores asalariados en alta laboral; porén, este colectivo sumou o 50% das contratacións realizadas ao longo do ano. Expresado noutros termos, por cada 100 mozos asalariados rexistráronse 210 contratacións.

Galicia	Contratos	2002	2003	2004	2005	2006
<30	Indefinido	21.377	21.712	22.701	23.910	32.568
	Indefinido tempo parcial	6.626	7.138	8.655	6.368	8.004
	Outros	14.249	11.087	10.349	9.644	9.151
	Prácticas/Formación	19.728	19.546	18.933	18.531	18.242
	Temporal	238.518	245.602	247.514	250.177	256.186
	Temporal tempo parcial	84.431	91.584	97.945	97.706	105.134
	Total <30	384.929	396.669	406.097	406.336	429.285
>30	Indefinido	24.935	26.360	27.654	33.290	46.344
	Indefinido tempo parcial	4.774	5.029	5.235	6.292	8.679
	Outros	23.114	19.980	19.904	19.708	19.653
	Prácticas/Formación	1.399	2.317	2.057	1.969	1.939
	Temporal	224.229	243.213	246.347	257.426	276.460
	Temporal tempo parcial	45.638	50.104	58.729	66.207	75.234
	Total >30	324.089	347.003	359.926	384.892	428.309
Total xeral		709.018	743.672	766.023	791.228	857.594

Fonte: Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

A metade dos contratos formalizados en Galicia o ano pasado celebráronse con mozos menores de 30 anos. Falamos de 429.285 contratos, en cifras absolutas, sobre o total de 857.594 rexistrados na Comunidade Autónoma.

A gran maioría destas contratacións tivo carácter temporal; tan só o 9,5% foron indefinidas, aínda que este dato supón un incremento superior nun 2% á contratación rexistrada o ano anterior logo do estancamento dos anos anteriores. Nos maiores de 30 tamén se rexistrou un incremento da estabilidade laboral, ao pasar do 10,3% en 2005 ao 12,8% en 2006. O ano 2006 foi, polo tanto, lixeiramente propicio no avance cara a unha maior estabilidade laboral da poboación xuvenil, dentro da abraiante maioría que representa a contratación temporal.

No tocante ao contrato indefinido ordinario, a diferenza é a favor dos maiores de 30 (so 7,6% dos deste tipo se concertan con menores de 30, fronte ao 10,8% que rexistrou a poboación adulta).

A situación dos contratos formativos e en prácticas reflicte claramente unha marcada orientación cara ao colectivo xuvenil: o 90,4% dos contratados o pasado ano baixo esta modalidade tiñan menos de 30 anos.

Un aspecto a considerar á hora de analizar as características da contratación xuvenil é o tipo de xornada: en teoría, o contrato a tempo parcial debería ter certa incidencia entre o colectivo de menor idade, ao permitir compaxinar estudos e traballo. Pois ben, os contratos a tempo parcial constituíron o 26,4% dos celebrados en 2006 cos menores de 30 anos. Entre os adultos, a proporción deste tipo de contratos foi inferior, concretamente do 19,6%. O certo é que, en moitos casos, parece ser a imposibilidade de acceder a un traballo a xornada completa o que leva os mozos a aceptaren un emprego a tempo parcial. A utilización desta modalidade de traballo, que pode ser instrumento para facilitar a presenza xuvenil no mercado laboral, non dá a impresión de ser o resultado dunha elección voluntaria do traballador e si unha saída ante a imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa, máis que a posibilidade de poder compatibilizar o traballo cos estudos.


Conversión de contratos temporais en indefinidos en Galicia. 2006		2002	2003	2004	2005	2006
Home	<30	8.792	8.744	9.453	9.684	14.213
Muller	<30	6.896	8.110	10.235	8.170	11.891
Total <30		15.688	16.854	19.688	17.854	26.104
Home	>30	7.368	7.387	8.104	9.972	17.643
Muller	>30	4.109	4.550	5.220	6.644	12.237
Total >30		11.477	11.937	13.324	16.616	29.880
Total xeral		27.165	28.791	33.012	34.470	55.984

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A canle máis produtiva para o fomento do emprego estable é a conversión de contratos temporais en indefinidos. Nestes últimos anos a tendencia foi positiva, independentemente do sexo e da idade. Aínda que en 2006 o incremento foi maior, dado que se pasou dun total de 34.470 en 2005 a 55.984 contratos temporais convertidos en indefinidos. Os maiores de 30 foron beneficiados en maior medida que os máis novos, aínda que estes tamén incrementaron notablemente os niveis de conversión con respecto a anos anteriores.


En calquera caso, hai que precisar que a conversión de contratos temporais en indefinidos é, con diferenza, a forma máis frecuente de acceso a un emprego estable por parte dos mozos. O 64,3% dos contratos indefinidos dirixidos a menores de 30 anos procedían da conversión de contratos temporais, mentres que esta proporción era dun 54,3% para a poboación adulta. Expresado noutros termos: dous de cada tres contratos indefinidos rexistrados o pasado ano entre a poboación xuvenil fórono como consecuencia de conversións de contratos temporais.

Vendo a porcentaxe de conversións de contratos temporais en indefinidos, observamos esta evolución con máis claridade.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O protagonismo case exclusivo da conversión de contratos temporais en indefinidos acontece para o colectivo xuvenil no sector de servizos. No resto de sectores o volume de conversións é menor, dada a menor incidencia que ten a xuventude nestes eidos da economía galega.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Os mozos galegos, que desenvolven a súa actividade preferentemente no sector servizos, fano nunhas ramas moi determinadas, localizadas principalmente en profesións de menor cualificación encadradas no comercio, na hostalaría e na construción. De feito, as ocupacións que rexistran maior número de contratos (dependentes, peóns, camareiros...) responden a este perfil.

_Ramas de actividade	TRAMO IDADE	SEXO	2002	2003	2004	2005
Construción	16 a 19	HOME	7.553	7.896	7.408	7.513
		MULLER	174	219	166	169
	20 a 24	HOME	16.082	16.695	16.538	16.275
		MULLER	987	1.065	924	998
	25 a 29	HOME	14.352	15.308	15.918	16.330
		MULLER	1455	1.655	1.682	1.695
Comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e	6 a 19	HOME	1.379	1.593	1.467	1.117
		MULLER	4.834	6.143	5.178	2.789
	20 a 24	HOME	4.807	5.071	4.820	3.949
		MULLER	16.294	19.019	17.125	12.353
	25 a 29	HOME	3.804	3.991	3.909	3.787
		MULLER	11.492	13.290	13.129	11.365
Hostalaría	16 a 19	HOME	2.610	2.503	2.622	2.811
		MULLER	3.259	3.512	3.904	3.901
	20 a 24	HOME	5.280	5.474	6.132	6.528
		MULLER	8.669	8.687	10.256	10.467
	25 a 29	HOME	3.593	4.172	5.034	5.633
		MULLER	6148	6856	8037	9404
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	16 a 19	HOME	64	83	85	70
		MULLER	262	251	279	308
	20 a 24	HOME	1.107	1.132	1.141	905
		MULLER	7.394	8.946	7.909	8.172
	25 a 29	HOME	1.812	2.220	1.881	1.633
		MULLER	10.883	13.645	11.827	11.583

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A contratación xuvenil concéntrase nunhas poucas ramas de actividade, aínda que hai diferenzas segundo o xénero e os grupos de idade. Os mozos galegos de entre 16 e 29 anos enmárcanse sobre todo, en construción, comercio e hostalaría. As mulleres, en comercio, en hostalaría e en actividades sanitarias, veterinarias e servizos sociais. Tanto en comercio como en hostalaría, a contratación feminina é moi superior á masculina.

Pola contra, os mozos teñen menor presenza relativa en ramas de actividade ligadas ao sector público como administración pública, educación ou sanidade, e nalgunhas ramas como transporte e comunicacións.

A poboación xuvenil desenvolve principalmente a súa actividade en oficios e profesións que están encadrados en sectores (como servizos sociais, comercio e hostalaría ou construción) maioritariamente afectados pola precariedade e o subemprego.

Grandes grupos de ocupación	Total contratos %		
	16 a 19	20 a 24	25 a 29
1. DIRECCIÓN DE EMPRESAS E DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	0,0%	0,1%	0,2%
HOMES	0,0%	0,0%	0,1%
MULLERES	0,0%	0,0%	0,1%
2. TÉCNICOS E PROFESIONAIS, CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	0,8%	5,7%	10,0%
HOMES	0,4%	1,6%	3,7%
MULLERES	0,4%	4,1%	6,3%
3. TÉCNICOS E PROFESIONAIS DE APOIO	2,9%	7,2%	9,5%
HOMES	1,5%	2,9%	4,5%
MULLERES	1,4%	4,2%	5,0%
4. EMPREGADOS DE TIPO ADMINISTRATIVO	4,4%	9,6%	12,5%
HOMES	1,6%	2,6%	3,4%
MULLERES	2,8%	7,0%	9,0%
5. TRABALLADORES DE SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES DE COMERCIO	29,3%	28,3%	22,2%
HOMES	9,4%	7,3%	5,9%
MULLERES	19,9%	21,0%	16,3%
6. TRABALLADORES CUALIFICADOS NA AGRICULTURA E NA PESCA	1,1%	0,8%	1,1%
HOMES	0,9%	0,6%	0,8%
MULLERES	0,2%	0,2%	0,2%
7. ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS A CONSTRUCCIÓN E A MINARÍA, AGÁS OS OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA	22,1%	12,1%	11,4%
HOMES	20,3%	10,5%	9,4%
MULLERES	1,8%	1,7%	2,0%
8. OPERADORES DE INSTALACIÓN E MAQUINARIA, E MONTADORES	6,0%	6,7%	7,4%
HOMES	5,0%	4,8%	5,3%
MULLERES	1,0%	1,9%	2,1%
9. TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	33,4%	29,6%	25,8%
HOMES	28,0%	23,1%	17,9%
MULLERES	5,4%	6,5%	7,8%
TOTAL CONTRATOS	100,0%	100,0%	100,0%

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

En xeral, os grupos de maior idade teñen unha menor presenza nas actividades de alta concentración xuvenil porque van rompendo o efecto de polarización que reúne os máis novos en ramas de actividade que teñen inferiores niveis de cualificación. De feito, pódese observar como a porcentaxe de contratación nos últimos grupos ocupacionais resulta ser superior entre a poboación de menor idade. Esta concentración pode deberse a diversos factores: por unha banda, a temperá incorporación ao mercado laboral de mozos con escasa preparación profesional que se empregan nestes sectores nos que terán dificultades para progresar se non adquiren a formación axeitada. E tamén pode suceder que os mozos entren en empregos transicionais que non teñen gran relación cos seus estudos e dos que irán saíndo cara a outros distintos ao longo da súa vida activa.

Inserción de mozos universitarios

O contorno socioeconómico modificouse substancialmente nos últimos decenios, afectando de forma directa ao marco do emprego na nosa sociedade. A flexibilización das relacións laborais, a modificación da estrutura do emprego, a incorporación da muller ao traballo ou a maior complexidade dos métodos de xestión empresarial, entre outras, constitúen algunhas das grandes transformacións acaecidas.


Ante a finalización dos estudos formais, o alumnado universitario enfróntase así a un ámbito laboral moito máis complexo que precisa coñecer co fin de abordar con máis garantías de éxito unha inserción laboral de calidade.

Nesta liña, cabe esperar que os mozos titulados universitarios constitúan un colectivo privilexiado en relación coa problemática do paro, dada a súa capacitación especializada, orientada xeralmente a un ámbito específico da actividade laboral ou profesional, e o seu nivel educativo xeral, que lles permite adaptarse a diferentes opcións do emprego. Podería esperarse unha axeitada inserción laboral entre os titulados, pero a realidade indícanos que non é así, aínda que en xeral o desemprego é menos acusado que noutros niveis formativos.

Segundo os datos proporcionados pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, no seu último estudo de inserción laboral de titulados universitarios galegos, que comprende ata o ano 2003, podemos extraer como trazos máis significativos os seguintes:

O 55,7% dos titulados universitarios galegos enquisados estaba traballando en xuño de 2004, aínda que hai que tomar con cautela esta porcentaxe, xa que no momento de realizar a enquisa (entre novembro e decembro de 2004), un 27,72% preparaba oposicións e un 29,66% continuaba estudos.

Traballaba no mes de Xuño de 2004



Fonte: Axencia para a Calidade do SUG

As áreas de ciencias da saúde (76,5%), ensinanzas técnicas (71,1%) e ciencias sociais e xurídicas (61,0%) son as que presentan unha maior proporción de titulados traballando no mes de xuño de 2004.

Pola contra, as áreas de humanidades I e II (35,5% e 45,5%) e de ciencias sociais e xurídicas (46,3% e 43,0%) son as de menor proporción de titulados traballando nesas datas.

Dos titulados universitarios que traballaron, aproximadamente o 50% fíxoo en máis dunha empresa. A maior inestabilidade atópase na área de ciencias sociais e xurídicas.

Dos titulados universitarios que traballaron, o 60% tivo máis dun contrato laboral dende que rematou a titulación. Isto pon de manifesto a eventualidade dos contratos dos acabados de titular cando se incorporan ao mercado de traballo.

Por áreas de coñecemento, os salarios máis altos atópanse en ciencias da saúde, mentres que os máis baixos son os percibidos polos titulados de humanidades.

A maioría dos titulados, aproximadamente o 95%, afirman ter un salario neto mensual inferior a 1.500 euros e case as tres cuartas partes non pasan de 1.000 euros.

Inserción de mozos alumnos de formación ocupacional

Os mozos dispoñen doutra ferramenta non universitaria que trata de responder ás necesidades do flutuante mercado laboral co despregamento dunha oferta formativa que se caracteriza por unha maior versatilidade á hora de deseñar a súa programación.

Por definición, a formación ocupacional debe garantir esta flexibilidade que permita adecuar a súa oferta ás necesidades particulares das empresas e as conxunturas sociolaborais de determinados colectivos ou territorios. Neste senso, a formación ocupacional cambia á mesma velocidade que o fai o resto da sociedade, dado que é da propia sociedade de onde emerxe.

Esta versatilidade e inmediatez de resposta é a gran baza que este tipo de formación posúe con respecto a outras ensinanzas regradas que, polo seu propio carácter, posúen un perfil máis ríxido.

En cambio, a realidade das cifras non confirma estas expectativas e mostra un panorama pouco alentador. Constatamos que dos 19.683 alumnos formados no ano 2005 só obtemos un 7,6% de inserción relacionada en ocupacións que teñen que ver coa formación recibida (1.501 alumnos). No ano 2004 foi de case o 8%, polo que podemos afirmar que a situación permanece estancada.

Isto parece revelar un severo desaxuste entre os requirimentos do mercado de traballo e a formación ocupacional impartida. Aínda que tamén poden influír outros factores como a baixa valoración desta formación por parte do empresariado galego ou a falta de interese do alumnado en traballar nesas ocupacións.

GALICIA 2006	FORMADOS_		INSERCIÓN_TOTAL%		INSERIDOS_NETA%	
TRAMO_IDADE	home	muller	home	muller	home	muller
<18 anos	291	149	60,8	38,9	20,3	15,5
18 a 24 anos	2.392	3.121	64,8	57,6	13,3	13,8
25 a 29 anos	2.157	3.091	66,9	58,3	13,0	10,0
30 a 44 anos	2.321	4.153	58,2	43,7	16,4	16,6

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A mocidade galega menor de 30 anos ingresou no mercado laboral cunha porcentaxe de inserción en torno ao 60% sobre o total de alumnos formados; hai que sinalar, porén, que esta porcentaxe descende a niveis escasamente superiores ao 10% cando falamos de inserción neta, é dicir: en ocupacións directamente relacionadas cos contidos impartidos na formación cursada.

Os menores de 18 anos contan con mellor inserción laboral neta despois de faceren un curso de formación ocupacional, mentres que a inserción en xeral é inferior, especialmente no caso das mulleres. En valores absolutos, é o alumnado con menos presenza, xa que non é o máis habitual que un mozo menor de 18 anos decida incorporarse ao mercado laboral, e moitos deles prolongan o seu período formativo.

Entre 25 e 29 anos é unha idade en que o traballador rematou o proceso formativo e xa ten unha experiencia laboral acreditada. Unha idade en que se define en certa medida o itinerario profesional dunha persoa. Esta circunstancia fai que a realización de cursos de formación ocupacional teña un carácter máis conxuntural –polo propio feito de estar en desemprego–, e a inserción laboral posterior veña máis influída polos estudos e experiencias previas. Este feito pode ser indicativo de que apreciemos unha caída da inserción relacionada fronte a unha importante inserción bruta, o que parece apoiar ese razoamento.

Se nos centramos no sexo, constatamos que o 54% dos alumnos formados son mulleres, pero a inserción, tanto bruta –é dicir, total– como relacionada, é inferior nas mulleres. Hai máis mulleres formadas pero, en termos relativos, atopan menos traballo, relacionado ou non co curso realizado.

As mulleres fórmanse en maior medida, ben sexa por un maior interese na formación ou pola existencia de máis mulleres no desemprego que poden optar aos cursos. Non obstante, á hora de atopar un traballo, os homes fano con maior facilidade, quizais porque escollen unha oferta formativa máis axeitada ao mercado de traballo ou pola natureza do propio mercado, que, en certo modo, segue a privilexiar a contratación masculina.

SECTOR	FAMILIA	FORMADOS	% INSERC. BRUTA	% INSERC. NETA
Construción	Edificación e obras públicas	531	55,9	22,6
Sector primario	Agraria	138	40,6	3,6
Sector secundario	Artesanía	48	35,4	-
	Automoción	160	61,9	21,2
	Fabricación de equipos electromecánicos	163	62,6	14,7
	Industria pesada e construcións metálicas	286	74,5	31,9
	Industrias alimentarias	116	56,0	10,8
	Industrias da madeira e a cortiza	198	55,6	4,5
	Industrias gráficas	38	52,6	10,0
	Industrias químicas	26	61,5	6,3
	Industrias téxtiles	73	53,4	23,1
	Mantemento e reparación	181	60,2	8,3
	Montaxe e instalación	215	57,2	17,9
	Produc., transf. e distribuc. de enerxía eléctrica	62	66,1	7,3
Sector servizos	Administración e oficinas	1.099	54,4	7,7
	Comercio	658	54,9	11,1
	Docencia e investigación	112	61,6	18,8
	Información e manifestacións artísticas	92	56,5	7,7
	Sanidade	563	58,1	33,6
	Seguros e finanzas	447	49,0	5,0
	Servizos á comunidade e persoais	649	48,8	29,7
	Servizos ás empresas	4.477	59,2	4,6
	Transportes e comunicacións	434	63,4	23,6
	Turismo e hostalaría	411	51,1	24,3
Total		11.186	57,1	12,3

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O 40% dos alumnos formados (4,477 alumnos) pertencen á familia de servizos ás empresas, familia que, no entanto, mostra unha inserción neta de tan só o 4,6%. Algo parecido ocorre coa segunda familia que conta con máis participación, administración e oficinas, case o 10% do alumnado e unha inserción do 7,7%.

Case o 67% do alumnado que atopa un traballo relacionado co contido do curso concéntrase en seis familias formativas que relacionamos a continuación, indicando entre parénteses a súa inserción neta:

- Industria pesada e construcións metálicas (31,9).
- Sanidade (33,6).
- Edificación e obras públicas (22,6).
- Servizos á comunidade e persoais (29,7).
- Servizos ás empresas (4,6).
- Transportes e comunicacións (23,6).

Detéctase unha falta de correspondencia entre o peso formativo que presenta cada familia e os resultados de inserción que acadan, unha vez que eses alumnos chegan ao mercado laboral. Esta situación agrávase notablemente no caso das mulleres.

O volume de alumnos en determinadas familias non se corresponde cos resultados que teñen despois estas no mercado de traballo. Especialmente relevante é o caso de servizos ás empresas, na que o alumnado conta cunha pobre inserción que podería explicarse por unha oferta formativa non axeitada aos requirimentos do mercado de traballo, ou ben por contarmos cunha sobreformación que o mercado laboral non é capaz de absorber.

Colectivo menores de 30	N.º Persoas	N.º Contratos	Media contratos/persoa
Inseridos en ocupacións relacionadas	787	2.288	5,3
Inseridos en ocupacións non relacionadas	5.603	13.322	4,3
Total	6.390	15.610	4,3

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

O colectivo que atopa traballo en ocupacións non relacionadas co curso presenta unha menor temporalidade. Esta circunstancia podería explicarse se supoñemos experiencia e/ou formación anteriores, o que constitúe un valor engadido previo que fai que se dirixan cara a outros itinerarios profesionais. Poderíamos pensar que neste colectivo se realiza o curso, en moitos casos, como mero trámite de desemprego e a súa maior ou menor estabilidade vén determinada pola súa traxectoria profesional e formativa anterior.

Salarios dos mozos

A información que facilita o INE sobre a enquisa salarial data do ano 2002, polo que os datos que nos ofrece debemos tomarlos coa debida cautela.


(O salario dos mozos galegos de entre 20 e 29 anos representa o 63,5% do salario medio dos traballadores maiores de 30 anos).

Dito isto, podemos constatar que as diferenzas salariais asociadas á idade son maiores que as derivadas do sexo, e maiores nos homes que nas mulleres: o salario por hora a tempo completo dun home de 20 a 29 anos é o 64% do equivalente a un de 40 a 49, e un 53,6% do equivalente a un traballador de entre 50 e 59 anos, mentres que para unha muller nova representa o 70% e o 65,5% respectivamente do correspondente a unha muller maior comprendida nestes dous intervalos de idade, aínda que é certo que nesta diversa relación inflúe o nivel salarial máis baixo existente nas mulleres.

Ganancia media anual por traballador por sexo, idade do traballador e sectores de actividade. (unidade: euros)				
Homes	Industria	Construción	Servizos	Todos os sectores
Menos de 20 anos	11.637,13	10.157,58	8.861,52	10.242,11
De 20 a 29 anos	14.973,83	12.379,5	13.189,15	13.664,66
De 30 a 39 anos	18.796,79	14.855,7	19.043,2	18.210,78
De 40 a 49 anos	23.572,13	14.917,2	22.949,61	21.533,76
De 50 a 59 anos	26.824,76	16.035,13	26.386,18	24.670,85
60 e máis anos	23.570,94	19.405,14	26.222,91	23.789,51
Todas as idades	20.924,92	14.528,14	19.962,06	19.256,63
Mulleres	Industria	Construción	Servizos	Todos os sectores
Menos de 20 anos	8.567,13		7.477,76	7.979,69
De 20 a 29 anos	11.749,96	10.835,77	10.928,55	11.136,91
De 30 a 39 anos	12.526,2	14.205,54	15.277,58	14.559,39
De 40 a 49 anos	13.035,89	15.919,38	16.370,23	15.476,78
De 50 a 59 anos	14.369,02		17.104,72	16.521,93
60 e máis anos	11.635,79		13.160,19	12.929,44
Todas as idades	12.585,91	13.831,53	14.493,71	13.998,69

Fonte: Instituto Nacional de Estatística

O proceso de diversificación dos salarios, moi pronunciado durante a idade xuvenil, tende a estabilizarse a partir dos 40 anos, con máis claridade nas mulleres. Cabería apuntar que as mulleres deixan de diferenciarse salarialmente ao entrar nos corenta.



En case todas as actividades, ocupacións e titulacións existen diferenzas salariais asociadas ao xénero. En moitos casos, tales diferenzas non teñen que proceder necesariamente de discriminacións, senón da distinta composición da man de obra, ben por formación, experiencia, mando, etc. O caso máis paradigmático é o das mulleres na construción. A reducida e cualificada presenza das traballadoras galegas neste sector fai subir as medias salariais do seu xénero por riba das dos outros sectores, ata acadar o 95% do salario medio dos homes, e mesmo superar o soldo dos seus compañeiros dentro do tramo de idade de entre 40 e 49 anos.


Pero isto non pode obviar a coñecida persistencia de graos de discriminación salarial por xénero, particularmente reflectidas no sector servizos, o verdadeiro motor do emprego feminino, onde a media salarial das mulleres galegas acada o 72,6% dos seus homólogos homes.


As diferenzas salariais entre sexos redúcense no tramo de idade dos máis novos e fanse maiores a medida que aumenta a idade do traballador. O salario medio dunha muller de 20 a 29 é do 81,5% do dun home desa idade, mentres que esta diferenza salarial por xénero se incrementa paulatinamente: 80% entre 30 e 49, 72% entre 40 e 49 e 67% nos comprendidos entre 50 e 59.

Este contraste pode ser explicado polo feito xeneralizado que presenta o comportamento salarial por xénero, que é equivalente nas variables continuas relacionadas coa idade: a antigüidade e a experiencia. En todas elas existe unha correlación entre maior idade, antigüidade ou experiencia e maior distancia entre salarios de homes e mulleres. O comportamento é similar para estas variables, e onde soben os salarios tenden a incrementarse as diferenzas por xénero.

Aínda que tamén é plausible aventurar que a eliminación das discriminacións manifesta os seus efectos nunha redución progresiva da diferenza salarial por xénero nas sucesivas cohortes de traballadores.

Ganancia media anual dun traballador galego por sexo, idade e estudos.









Fonte: Instituto Nacional de Estatística

Como vimos anteriormente, os salarios da poboación xuvenil galega son bastante máis homoxéneos que os dos maiores. A dispersión salarial nos mozos é menor que na poboación de máis idade. A titulación comporta diferenzas de salario medio entre os individuos, pero a súa incidencia entre os máis novos é relativamente pequena e vai cobrando forza e nitidez a partir dos 30 anos e incrementándose progresivamente coa idade, feito que pode supor un elemento de desmotivación nos máis novos, que non poden percibir de forma inmediata o rendemento dos anos de estudo.

Un traballador galego de 20 a 29 anos con estudos universitarios superiores percibe unha retribución media superior nun 21% á retribución dun traballador dese intervalo de idade que posúa un nivel de titulación medio, como pode ser a Educación Secundaria ou a FP, mentres que para o conxunto de todas as idades, o incremento salarial dos titulados universitarios con respecto a unha titulación media é dun 36%.

Malia o innegable feito que supón o crecemento dos salarios, especialmente nos traballadores de máis idade, con máis nivel de titulación, os gráficos seguintes poñen de evidencia que unha parte importante do incremento salarial que se obtén cos anos tamén vén dado polo paso do tempo medido por experiencia e antigüidade.

Ganancia media anual por traballador, sexo, antigüidade e idade do traballador. Galicia



Fonte: Instituto Nacional de Estatística

É certo que existe unha correlación entre o crecemento dos salarios e o nivel das titulacións, pero tamén que os incrementos salariais se producen sen ningunha titulación.

Aínda que a relación entre estudos e rendibilidade salarial non é todo o lineal que cabería agardar, sen dúbida a titulación achega un diferencial salarial en todas as idades, maior xeralmente na medida en que aquela require máis

anos de estudo. A mocidade galega está efectivamente mellor preparada que os seus maiores, pero isto, en conxunto e por si só, non parece apuntar a unha mellora profesional. Neste sentido observamos que un traballador de 40 a 49 anos cun nivel de titulación equivalente a Ensinanza Secundaria percibe de media un 23% máis de salario que un titulado superior de menos de 30 anos.

Se falamos da distribución do emprego xuvenil, observamos que os grupos de ocupación cunha representación xuvenil máis importante son os de Construción, Comercio e Hostalaría. As mulleres teñen unha maior representación en Comercio, Hostalaría e Actividades Sanitarias, Veterinarias e Servizos Sociais. Tanto en Comercio como en Hostalaría a contratación feminina é moi superior á masculina.

Galicia. Ambos os sexos	Menos de 25 anos	25 a 44	45 e máis
Todas as ocupacións	11.135,26	16.330,04	21.542,4
A. Dirección das administracións públicas e de empresas de 10 ou máis asalariados		41.902,97	48.032,1
D. Profesións asociadas a titulacións de 2º e 3º ciclo universitario e afíns	12.805,07	27.495,74	41.064,19
E. Profesións asociadas a unha titulación de 1º ciclo universitario e afíns	15.958,81	21.707,77	31.164,32
F. Técnicos e profesionais de apoio	12.408,74	21.611,17	30.636,31
G. Empregados de tipo administrativo	9.181,75	14.634,79	23.680,43
H. Traballadores dos servizos de restauración e de servizos persoais	7.501,45	11.425,36	14.474,95
J. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	12.999,96	14.979,62	18.853,14
K. Dependentes de comercio e asimilados	10.625,64	12.959,73	17.747,14
L. Traballadores cualificados a agricultura e na pesca		13.925,18	13.145,33
M. Traballadores cualificados da construción, excepto os operadores de máquina	11.298,99	13.391,64	14.910,62
N. Traballadores cualificados das industrias extractivas, da metalurxia, a construción de maquinaria e asimilados	13.095,18	16.994,15	21.410,56
P. Traballadores cualificados de industrias de artes gráficas, téxtil e da confección, da elaboración de alimentos, ebanistas, artesáns e outros asimilados	9.193,12	11.291,43	13.064,29
Q. Operadores de instalacións industriais, de maquinaria fixa montadores e ensambladores	13.299,15	13.990,36	18.742,07
R. Condutores e operadores de maquinaria móbil	8.760,43	13.252,83	15.717,84
S. Traballadores non cualificados en servizos (excepto transportes)	9.394,47	9.443,47	9.856,8
T. Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	10.774,03	11.839,76	12.772,98

Homes	Menos de 25 anos	25 a 44	45 e máis
Todas as ocupacións	11.921,3	17.949,95	23.649,28
A. Dirección das administracións públicas e de empresas de 10 ou máis asalariados		44.649,34	48.888,74
D. Profesións asociadas a titulacións de 2º e 3º ciclo universitario e afíns	12.313,66	31.364,84	45.160,28
E. Profesións asociadas a unha titulación de 1º ciclo universitario e afíns		2.5687,2	38.257,03
F. Técnicos e profesionais de apoio	13.843,45	2.3258,8	32.423,84
G. Empregados de tipo administrativo	9.457,32	17.919,16	25.927,15
H. Traballadores dos servizos de restauración e de servizos persoais	8.451,38	12.138,55	16.291,25
J. Traballadores dos servizos de protección e seguridade	12.999,96	1.5094,2	18.853,14
K. Dependentes de comercio e asimilados	12.339,22	14.797,74	18.641,34
L. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca		13.925,18	13.860,05
M. Traballadores cualificados da construción, excepto os operadores de máquina	11.370,44	13.439,62	14.924,05
N. Traballadores cualificados das industrias extractivas, da metalurxia, a construción de maquinaria e asimilados	13.095,29	17.014,94	21.453,06
P. Traballadores cualificados de industrias de artes gráficas, téxtil e da confección, da elaboración de alimentos, ebanistas, artesáns e outros asimilados	10.658,3	12.576,14	15.234,25
Q. Operadores de instalacións industriais, de maquinaria fixa montadores e ensambladores	14.852,64	16.551,74	22.014,78
R. Condutores e operadores de maquinaria móbil	8.910,41	13.387,55	15.717,84
S. Traballadores non cualificados en servizos (excepto transportes)	10.626,82	12.801,32	15.278,21
T. Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	10.985,4	12.234,35	13.308,24

Mulleres	Menos de 25 anos	25 a 44	45 e máis
Todas las ocupacións	9.592,27	13.770,95	16.277,78
A. Dirección de las Administraciones Públicas e de empresas de 10 o máis asalariados		30.988,78	35.729,47
D. Profesións asociadas a Titulacións de 2º e 3º ciclo universitario e afíns		22.326,43	32.359,18
E. Profesións asociadas a unha Titulación de 1º ciclo universitario e afíns	15.272,5	19.042,34	24.982,47
F. Técnicos e profesionais de apoio	9.672,84	1.8742,2	24.747,7
G. Empregados de tipo administrativo	9.084,31	12.973,38	19.480,72
H. Traballadores dos servizos de restauración e de servizos persoais	6.907,12	11.049,51	13.690,09
J. Traballadores dos servizos de protección e seguridade			
K. Dependentes de comercio e asimilados	10.201,22	11.801,06	15.900,06
L. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca			
M. Traballadores cualificados da construción, excepto os operadores de máquina	9.991,04	10.920,29	
N. Traballadores cualificados das industrias extractivas, da metalurxia, a construción de maquinaria e asimilados		16.468,65	
P. Traballadores cualificados de industrias de artes gráficas, téxtil e da confección, da elaboración de alimentos, ebanistas, artesáns e outros asimilados	8.407,39	10.284,99	11.376,21
Q. Operadores de instalacións industriais, de maquinaria fixa montadores e ensambladores	10.799,85	10.820,63	11.718,33
R. Condutores e operadores de maquinaria móbil		10.338,25	
S. Traballadores non cualificados en servizos (excepto transportes)	8.231,47	7.826,26	8.320,04
T. Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	9.486,7	10.349,83	10.995,7

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Pola contra, a poboación traballadora xuvenil ten menor presenza relativa en ramas de actividade ligadas ao sector público como Administración pública, educación ou sanidade, e algunhas ramas como transporte e comunicacións.

En canto aos salarios medios por ocupación, encontramos nos mozos unha xerarquización salarial moi similar á do conxunto dos traballadores. Dirección de empresas e profesións asociadas aos ciclos 3º, 2º e 1º ocupan as primeiras posicións, igual que no grupo de traballadores de máis idade. Pero é precisamente nestes grupos de maior cualificación onde a poboación xuvenil padece a brecha salarial máis grande con respecto á poboación de maior idade. Por exemplo, os traballadores galegos menores de 25 anos empregados en profesións asociadas a titulacións de segundo e terceiro ciclo universitario perciben unha retribución salarial media equivalente ao 47% da correspondente a un traballador de 25 a 44 anos deste mesmo grupo ocupacional, porcentaxe que baixa ao 31% cando a comparamos cos traballadores de 45 e máis anos.

A mocidade galega mellora a súa posición salarial nos grupos ocupacionais de cualificados de industrias extractivas, metalurxia e maquinaria, así como os cualificados de operadores de instalacións industriais de maquinaria fixa, montadores e ensambladores, aínda que non por iso deixan estas ocupacións de estar encadradas en actividades con baixos salarios.

Pola contra, os empregados de tipo administrativo, os dependentes de comercio e os non cualificados dos servizos presentan salarios máis baixos, tanto dentro dos máis novos como en relación cos de máis idade. En liñas xerais, podemos afirmar que hai unha mellor perspectiva salarial para as ocupacións implicadas directamente na produción industrial cun certo grao de cualificación.

En xeral, son as actividades onde a presenza do colectivo xuvenil é máis numerosa as que presentan os salarios máis baixos. Ambas as circunstancias –nutrida man de obra xuvenil e baixos salarios– danse en traballos non cualificados en servizos, así como na hostalaría e na construción. Entre as mulleres, o comercio e a hostalaría seguen liderando o maior continxente de man de obra e tamén, no caso da hostalaría, o nivel máis baixo de remuneracións.

A contratación temporal recae con maior peso sobre as xeracións máis novas. A presenza das mulleres nas distintas formas de contratación é inversamente proporcional ao nivel salarial de cada unha delas; maior presenza feminina é case un correlato de salarios máis baixos, como sucede na hostalaría e nos traballos non cualificados en servizos. O importante efecto da temporalidade sobre os salarios acentúase entre a mocidade galega polo impacto dunha maior cota de temporalidade xuvenil e duns salarios minorados en relación coa poboación de maior idade.

Os salarios temporais medios dos homes e mulleres de máis de 30 anos presentan unha diferenza con respecto aos indefinidos moito maior que nos menores de 30. Esta relación entre indefinidos e temporais atenúase nos menores de 30 polo nivel máis baixo dos salarios, situándose o salario temporal medio, en ambos os dous sexos, no 90% do salario indefinido.

Ganancia media anual do traballador galego por sexo, tipo de contrato e idade do traballador.						
Unidade: euros	Galicia					
Homes	De 20 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 49 anos	De 50 a 59 anos	60 e máis anos	
	Duración indefinida	14.403,58	19.808,04	23.720,36	26.558,43	25.552,41
	Duración determinada	13.070,46	14.798,57	14.405,23	13.825,03	
Mulleres	De 20 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 49 anos	De 50 a 59 anos	60 e máis anos	
	Duración indefinida	12.075,67	16.138,43	16.966,08	18.095,13	13.536,63
	Duración determinada	10.122,38	10.933,48	9.982,97	8.855,18	

Fonte: Instituto Nacional de Estatística

Pero se combinamos idade, sexo e tipo de contrato, podemos encontrar distancias salariais considerables: así, por exemplo, o salario medio dunha muller de 20 a 29 con contrato temporal é o 38% do salario medio dun home de 50 a 59 con contrato indefinido.

Resulta patente que os salarios temporais se sitúan nos niveis inferiores, e que a temporalidade se manifesta aínda con maior forza que a idade, e reduce aínda máis os salarios dos mozos galegos.


Ganancia media anual por traballador por sexo, nacionalidade e idade do traballador. (unidade: euros)							
Galicia	Todas as idades	Menos de 20 anos	De 20 a 29 anos	De 30 a 39 anos	De 40 a 49 anos	De 50 a 59 anos	60 e máis anos
Ambos os sexos							
Total	17.406,81	9.861,65	12.675,74	16.796,7	19.401,09	22.636,87	21.028,48
España	17.419,73	9.906,72	12.664,45	16.791,58	19.433,86	22.657,27	20.842,79
Resto mundo	15.924,39		13.865,67	17.140,51	13.306,05	11.014,3	
Homes							
Total	19.256,63	10.242,11	13.664,66	18.210,78	21.533,76	24.670,85	23.789,51
España	19.270,61	10.300,77	13.629,59	18.209,18	21.560,11	24.700,3	23.613,57
Resto mundo	17.804,4		17.175,86	18.292,94	15.889,22		
Mulleres							
Total	13.998,69	7.979,69	11.136,91	14.559,39	15.476,78	16.521,93	12.929,44
España	14.018,4	7.979,69	11.164,55	14.574,23	15.513,52	16.525,98	12.596,02
Resto mundo	11.197,24		7.960,96	12.657,08	9.976,47		

Fonte: Instituto Nacional de Estatística

Por último, e en relación cos salarios da poboación inmigrante na nosa Comunidade, chama a atención un feito curioso: entre os homes de menos de 30 anos invértese a tendencia xeneralizada de que son os inmigrantes os que ocupan os postos de traballo con peores remuneracións e os traballos menos cualificados. As retribucións salariais dos homes inmigrantes de entre 20 e 29 anos superan en case un 21% ás dos mozos non estranxeiros, cando a tendencia xeneralizada nos outros tramos de idade é a contraria.

Ganancia media anual por nacionalidade en Galicia

20-29 anos



Este feito supón unha chamada de atención sobre a inadecuada cualificación e adaptación profesional que teñen os mozos galegos á hora de competiren con traballadores estranxeiros da súa idade, que á vista deste dato parecen presentar un mellor perfil profesional cara á inserción no mercado de traballo galego en ocupacións mellor remuneradas.

Sinistralidade laboral

O desempeño da actividade laboral comporta riscos para a saúde e a integridade física dos traballadores que son en moitos casos evitables.

Como norma xeral, a sinistralidade laboral vén condicionada por distintas variables como poden ser a idade, a actividade económica e tamaño da empresa, as condicións laborais ou o sexo dos traballadores.

A idade e a precariedade no emprego son algúns dos indicadores principais que cómpre ter en conta cando se analizan os posibles riscos e a predisposición a padecer un accidente ou unha enfermidade profesional. Neste sentido, a mocidade é o colectivo que máis sofre a sinistralidade laboral. O colectivo xuvenil sofre en maior medida a alta temporalidade e a rotación, e está, polo tanto, máis exposto á inseguridade laboral, polo que se precisa, como principal medida preventiva, unha especial atención á formación en prevención de riscos laborais.

Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia puxo en marcha, no ano 2005, un novo plan de choque para a redución da sinistralidade laboral, tendo en conta os resultados acadados coa execución, nos anos 2000 e 2001,

do plan de choque denominado “Proxecto 1100” e do Plan de Choque correspondente aos anos 2003-2004. O obxecto do plan consiste na redución dos accidentes de traballo laboral mediante a realización de actuacións directas nas empresas galegas nas que se concentra unha maior taxa de sinistralidade laboral.

Se nos centramos nas estatísticas nacionais, observamos que no conxunto do Estado se producen case o 20% dos accidentes laborais da UE (924.213). Por iso aparece nas estatísticas de Eurostat cun dos índices máis elevados de sinistralidade laboral de toda a Unión Europea, con 6.020 accidentes por cada 100.000 empregados, cifra que case dobra a media comunitaria. Expresado noutros termos, o 6% dos traballadores foron vítimas dun accidente fronte a menos do 4% da Unión Europea.

En Galicia a incidencia da sinistralidade foi no ano 2005 lixeiramente inferior á media nacional –concretamente do 5,7%–, aínda que segue a acadar un nivel preocupante, especialmente no caso da porcentaxe de accidentes graves que sitúa á nosa Comunidade como a que rexistra a maior incidencia neste tipo de accidentes de todas as comunidades autónomas.


Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo segundo idade por gravidade

	LEVES			GRAVES			MORTAIS			TOTALS		
	2005	2006	%Var.	2005	2006	%Var.	2005	2006	% Var.	2005	2006	% Var.
Menor de 16 anos	17	18	5,9%	1	0	100,0%	0	0		18	18	0,0%
De 16 a 19 anos	1.682	1.670	-0,7%	26	19	-26,9%	2	1	-50,0%	1.710	1.690	-1,2%
De 20 a 24 anos	6.343	6.044	-4,7%	87	64	-26,4%	7	6	-14,3%	6.437	6.114	-5,0%
De 25 a 34 anos	15.055	15.548	3,3%	209	227	8,6%	26	15	-42,3%	15.290	15.790	3,3%
De 35 a 44 anos	11.697	11.971	2,3%	252	235	-6,7%	18	27	50,0%	11.967	12.233	2,2%
De 45 a 54 anos	8.288	8.596	3,7%	264	268	1,5%	27	16	-40,7%	8.579	8.880	3,5%
De 55 a 65 anos	3.764	3.637	-3,4%	156	136	-12,8%	21	13	-38,1%	3.941	3.786	-3,9%
Maior de 65 anos	55	68	23,6%	6	1	-83,3%	0	0		61	69	13,1%
TOTAL	46.901	47.552	1,4%	1001	950	-5,1%	101	78	-22,8%	48.003	48.580	1,2%

No ano 2006 o total de accidentes declarados durante a xornada de traballo para traballadores galegos maiores de 16 e menores de 25 anos ascendeu a 7.822, o que supón un 4,2% de accidentes menos que no ano anterior. No entanto, a porcentaxe que mide a incidencia da sinistralidade con respecto á poboación afiliada acadou o 9,9% no ano 2005. Isto supuxo unha media de practicamente 10 accidentes laborais por cada 100 traballadores. Case o dobre que a incidencia rexistrada para o total da poboación traballadora, que non chega ao 6%.

Por tipos de accidentes, atopamos que se produciu un descenso xeneralizado baixo as tres categorías. A evolución máis positiva veu protagonizada pola redución nos accidentes graves, unha redución que supuxo un descenso de máis dun 26% de accidentes laborais graves con respecto ao ano 2005.

Accidentes segundo sector (16 a 24 anos)



A porcentaxe de accidentes é máis elevada no sector da industria, seguido de construción e servizos. Porén, a construción presenta unha maior incidencia, dado que a poboación ocupada no sector é menor que nos servizos e na industria. A construción é un dos sectores onde se traballa cunha maior precariedade, de aí o volume de accidentes que se producen.

Accidentes por actividade económica. Galicia 2006. 16-24		
anos	2005	2006
Construcción	2.439	2.329
Fabric. produtos metálicos agás maquinaria e equipo	674	670
Comercio polo miúdo agás vehíc. motor, rep. dom.	502	566
Hostalaría	491	462
Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartaría	303	354
Industria de produtos alimenticios e bebidas	356	328
Comercio por xunto e interm. agás vehíc. motor	378	292
Venda repar. vehíc. motor, venda menor comb.	275	244
Fabricación doutro material de transporte	224	237
Metalurxia	188	232
Fabric. doutros produtos minerais non metálicos	250	223
Fabric. mobles; outras indus. manufactureiras	170	190

Fonte: Instituto Galego de Estatística

Se observamos a sinistralidade laboral desde a perspectiva das distintas ramas de actividade económica onde están ocupados os máis novos, a construción resulta ser a actividade máis perigosa. Malia o descenso rexistrado en 2006 de 110 accidentes menos, rexistráronse un total de 2.329 accidentes con baixa laboral. Esta cifra supón o 61% da suma dos accidentes rexistrados nas seguintes once actividades con maior nivel de sinistralidade.

No ano 2006 a hostalaría e certas actividades industriais incrementaron o número de accidentes, aínda que a tendencia xeral apunta a unha pequena pero insuficiente baixa da sinistralidade nas ramas económicas con menor seguridade laboral.

Fontes Bibliográficas:

CONSELLERÍA DE TRABALLO (2006). *Informe mensual de paro rexistrado*.

EUROPEAN COMMISSION (2006). *Employment in Europe 2006*.

MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA (2005). *Programa nacional de reformas de España*.

CONFEDERACIÓN SINDICAL DE CC.OO. (2004). *Jóvenes: la nueva precariedad laboral*.

IVIE (2005). *Los jóvenes y el mercado de trabajo en la España urbana*.

INSTITUTO DE LA JUVENTUD (2004). *Juventud en España en 2004*.

REQUENA, M. (2002). *Juventud y dependencia familiar en España*, en Revista de Estudios de Juventud, nº 58.

Fontes Estatísticas:

Enquisa de Poboación Activa: *Instituto Galego de Estatística*.
Instituto Nacional de Estatística.

Servicio Público de Empleo Estatal.

Servizo Público de Emprego de Galicia.

EUROSTAT: *Oficina Estadística da Unión Europea*

